

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2021/1	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DE LA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria
Data	12 de xaneiro de 2021
Duración	Dende as 13:10 ata as 13:30 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Manuel Cuiña Fernández
Secretario	Maria Fernanda Montero Parapar
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77404245E	Angela Troitiño Gil	SÍ
76801683Z	Antonio Ferro Losada	SÍ
35251841V	Jesus Taboada Lazara	SÍ
76816828W	Mónica González Conde	SÍ

Una vez verificada por el Secretario la válida constitución del órgano, el Presidente abre sesión, procediendo a la deliberación sobre los asuntos incluidos en el Orden del Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 22.12.2020

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta:- 22 de decembro de 2020.

Expte.- 1197/2020. Aprobación “MELLORA DE VIAÍS MUNICIPAIS EN SILLEDA. PLAN CONCELLOS 2020-2021”. - Corrección de erros.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local adoptado na sesión celebrada o día 22 de decembro de 2020 mediante o que se aprobou o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras denominado “MELLORA DE VIAÍS MUNICIPAIS EN SILLEDA”.

Visto que a clasificación mencionada no apartado 25 do anexo I, fai referencia a obras consistentes en instalacións eléctricas, tendo esta obra por obxecto a mellora de viais municipais e non sendo obrigatoria a clasificación do contratista.

Visto que no apartado 8.2.2 do Anexo I relativo aos criterios avaliábeis matematicamente advertiuse un erro no sumatorio das puntuacións outorgadas, sendo a puntuación máxima correcta por criterios avaliábeis automaticamente 45 puntos, fronte aos 55 indicados no prego. E no apartado melloras a puntuación máxima son 25, fronte aos 35 indicados no prego. O erro produciuse por non ter en conta no sumatorio que as melloras do apartado primeiro son excluíntes tal e como se recolle expresamente no anexo III ao prego.

Actuando de conformidade co disposto no artigo 122.1 da LCSP que establece que “Los pliegos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente a la autorización del gasto o conjuntamente con ella, y siempre antes de la licitación del contrato, o de no existir esta, antes de su adjudicación, y solo podrán ser modificados con posterioridad por error material, de hecho o aritmético”.

En aplicación do artigo 106 da Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que “As Administracións Públicas poderán asimesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”,

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, adoptou o presente acordo:

Primeiro: Rectificar o erro material observado no punto 8.2.2 do Anexo I do prego, quedando redactado do seguinte xeito:

“8.2.2.- Criterios avaliábeis matematicamente, at a un máximo de 45 puntos.

Prezo:

O prezo ofertado valorarase cunha puntuación máxima de 20 puntos, de acordo coa seguinte fórmula.

$P_i = P_{max} [(Tipo\ de\ licitación - O_i) / (Tipo\ de\ licitación - OM)]$

P_i: Puntuación da oferta i

Pmax: Puntuación máxima deste criterio

Oi: Oferta i

OM: Oferta máxima

(Cando existan baixas non temerarias iguais a un 20% do tipo de licitación se tomará como OM a maior baixa non temeraria, en caso contrario $OM = \text{Tipo de licitación} \times 0,8$)

Melloras: As melloras valoraranse cunha puntuación máxima de 25 puntos.

1. INCREMENTO DUN (1) CM EN CAPA DE REGULARIZACIÓN (ofertarase unha das dúas opcións)

_ Dotación de 250 Tn. Puntuación outorgada: 10 puntos.

_ Dotación de 500 Tn: Puntuación outorgada: 20 puntos.

2. SINALIZACIÓN VERTICAL. Puntuación outorgada: 5 puntos”.

Segundo.- Rectificar o erro material observado no punto 25 do Anexo I do prego, quedando redactado do seguinte xeito:

-Clasificación: Non se esixe. Sen embargo poderá acreditarse a solvencia económica e financeira, e a solvencia técnica mediante a clasificación do contratista, aínda non sendo esta obrigatoria.

Grupo G: Viais e pistas

Subgrupo 4: Obras con firmes de mesturas bituminosas

Doutra banda, segundo o importe do investimento, a categoría do contrato sería:

Categoría 2, si a súa cuantía é superior a 150.000 euros e inferior ou igual a 360.000 euros”.

Terceiro.- Publicar a presente rectificación na Plataforma de Contratación do Sector Público.

Expediente 951/2019. Contratacións “Mellora de camiños de titularidade municipal: camiños de Piñeiro - Abades” - Devolución de Aval

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto que con data de 22 de novembro de 2019 procedeuse a recepción das obras de “Mellora de camiños de titularidade municipal: camiños de Piñeiro - Abades”, comezando entón o prazo de garantía.

Visto que con data de 19 de decembro de 2020 preséntase, por parte da empresa contratista, Construcciones Taboada y Ramos S.L., solicitude de devolución de fianza definitiva.

Visto que con data 24 de decembro de 2020 polo director de obras, Román Gómez Fraiz, emítese informe no que se sinala:

“4. CONSIDERACIÓN FINAL

Inspeccionadas las obras, se considera que su estado es favorable y se propone, de tener a bien, la aprobación de la solicitud presentada por el contratista y se proceda a la devolución de la garantía definitiva.”

Esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, adoptou o presente acordo:

Proceder a devolución da fianza definitiva que no seu día foi depositada pola Empresa Construcciones Taboada y Ramos S.L. para responder da citada obra.

Expediente 586/2020. Licencias Urbanísticas

Inclusión por urxencia Expediente 586/2020.

Toma a palabra o Sra. Alcaldesa Delegada, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 12 de xaneiro de 2020.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Por Marcos Fuentes Sánchez , con DNI 53161924T, actuando en nome e representación de NUTRIMENTOS DEZA SA, con CIF A36011385, presentouse escrito o día 06/04/2020, polo que se solicita licenza urbanística para PROYECTO DE CREACIÓN DE UNA INDUSTRIA DE FABRICACIÓN DE PIENSOS Y PIENSOS MEDICAMENTOSOS, sita na RUA VIAL 7-AREA 33 Polígono 38 Parcela 703 AREA 3 PARCELA 3 SILLEDA (PONTEVEDRA) que se corresponde coa parcela catastral (ref. cat. 36052A038007030001LI).

Aporta proxecto técnico elaborado polo técnico Marcos Fuentes Sánchez, colexiado número G-702 como enxeñeiro agrónomo, visado en data 02/04/2020 co número 14145.

Consta ingresado en data 13/04/2020, importe correspondente as liquidacións do ICIO e da taxa por emisión de informe técnico.

Consta no expediente requirimento de alcaldía de data 15/07/2020 solicitando celeridade na tramitación da presente licenza.

Consta no expediente Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, pola que se outorga a autorización ambiental integrada núm. 2020-ippc-9_340.

En data 04/12/2020, preséntase no Concello copia do anexo 14 memoria urbanística. Anexo al Proyecto de Nueva Industria con implantación de Procesos para la obtención de dos Líneas de Piensos Blancos y una Línea de Medicación Postpelleting sobre carga a granel, con seguridad

alimentaria, destinado a la alimentación de animales de abasto, a ubicar en SILLEDA-PONTEVEDRA

Consta informe do arquitecto municipal de data 16/12/2020, no que informa sobre a necesidade de cumprimentación de tramites polo interesado.

Consta no expediente informe do arquitecto municipal Lino M. Doporto Framil, de data 09/12/2020. Realizado o requirimento en data 17/12/2020.

En data 29/12/2020 polo interesado dáselle cumprimento ao requirimento presentando un anexo 15.

En data 05/01/2020 o interesado presenta modificación do plano 1.4-emprazamento no que se reflexa como quedarían as prazas de aparcamento precisas.

Consta no expediente informe favorable á concesión da licenza do arquitecto municipal Lino M. Doporto Framil, de data 05/01/2020.

Visto que en data 12 de xaneiro de 2020 a Secretaría Municipal emite informe número 02/2021

Constando carga de pago da liquidación da Tesourería Municipal de data 13/04/2020.

A Xunta de Goberno Local, en virtude das delegacións de competencias efectuadas por Decreto da Alcaldía de 20 de xuño de 2019, adoptou o presente acordo:

Primeiro. Conceder licenza urbanística a NUTRIMENTOS DEZA SA, con CIF A36011385 para a execución do PROXECTO DE CREACIÓN DUNHA INDUSTRIA DE FABRICACIÓN DE PENSOS E PENSOS MEDICAMENTOSOS, sita na RUA VIAL 7-AREA 33 Polígono 38 Parcela 703 AREA 3 PARCELA 3 SILLEDA (PONTEVEDRA) que se corresponde coa parcela catastral (ref. cat. 36052A038007030001LI).

As obras axustaranse na súa execución ao proxecto completo redactado polo técnico Marcos Fuentes Sánchez, colexiado número G-702 como enxeñeiro agrónomo, visado en data 02/04/2020 co número 14145, cuxo presuposto de execución material ascende a 6.324.235,55 euros e ás normas de planeamento vixentes na localidade.

Figurando como director facultativo da obra a e como coordinador en materia de seguridade e saúde da obra Marcos Fuentes Sánchez.

A construción proxectada situarase en solo clasificado polas Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda como solo urbano consolidado. Ordenanza Industrial e Almacén, IA.

CADRO PARÁMETROS URBANÍSTICOS	
PARÁMETROS	PROXETO
Usos	industrial
Superficie parcela	15.354 m ²
Superficie construción	5.620,37 m ²

Ocupación	23,66%
Edificabilidade	0,366 m ² /m ²
Altura	45 m

Segundo: O prazo de inicio das obras non poderá exceder de seis (6) meses, e o de terminación de tres (3) anos, desde a data do outorgamento de licenza, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis (6) meses, segundo establece o artigo 145 da L 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. O Concello poderá conceder prórrogas dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

Terceiro: A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal previo procedemento con audiencia ao interesado.

Cuarto.- As licenzas enténdense concedidas sen prexuízo de terceiro e salvo o dereito de propiedade.

Quinto.- Será requisito indispensable en todas as obras dispoñer, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

Sexto.- Finalizadas as obras o interesado deberá solicitar a licenza de primeira utilización do edificio de conformidade eco disposto no artigo 355.3 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, debendo acompañarse da documentación que indica.

Sétimo.- Unha vez obtida a licenza de utilización deberase presentar comunicación previa de inicio de actividade de conformidade co establecido no artigo 364.2 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

Expediente 153/2020. Subvenciones Directas o Nominativas

Inclusión por urxencia Expediente 153/2020.

Toma a palabra o Sra. Alcaldesa Delegada, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 12 de xaneiro de 2020.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto, que con data 08 de novembro de 2020, a Sra. Xiomara Beatriz Contreras Álvarez, con nº de DNI.:-----, con domicilio a efectos de notificación r/ Trasdeza, 89 36540 Silleda, presenta solicitude con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2020

Visto, que con data 10 de decembro de 2020, o Sr. Iván Calvo Fernández, con nº de DNI.:----- con domicilio a efectos de notificación en Freixeiro 11, 36544 Laro (Silleda), presenta solicitude con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2020

Visto, que con data 10 de decembro de 2020, a Sra. M^a Isabel Seijo García, con nº de DNI-----, con domicilio a efectos de notificación r/ Carballeira do Chousiño, 28 – 1ºB 36540 Silleda, presenta solicitude con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2020

Visto, que con data 14 de decembro de 2020, o Sr. Xosé Filloy González, con nº de DNI.:-----, con domicilio a efectos de notificación en Barrio do Campo 7, 36540 Silleda, presenta solicitude con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2020

Visto, que con data 30 de decembro de 2020, o Sr. Diego Órrea Coego, con nº de DNI.:4-----, con domicilio a efectos de notificación en Carballeira do Chousiño 26, 2ªA 36540 Silleda, presenta solicitude con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2020

Visto que, achegan a documentación solicitada polas Bases de Axudas Municipais á Creación de Emprego

Visto que, de acordo co baremo do apartado 1.4 das Bases as persoas solicitantes obteñen as seguintes puntuacións:

- Xiomara Beatriz Contreras Álvarez, apertura de local, alta autónomos, e contratación persoal: 1500€
- Iván Calvo Fernández, alta en autónomos: 600€
- M^a Isabel Seijo García, parada de longa duración e alta autónomos: 900€
- Xosé Filloy González, apertura de local e alta en autónomos: 1500€
- Diego Órrea Coego, alta en autónomos: 600€

Visto o informe de intervención co resultado de: Fiscalizado de conformidade con observacións.

Polo exposto, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, adoptou o presente acordo:

Primeiro.- Conceder á Sra. Xiomara Beatriz Contreras Álvarez, por apertura de local, alta en autónomos e contratación de persoal, a subvención solicitada con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2020 que en función da puntuación obtida recoñéceselle un importe de 1500€.

Esta subvención, de non habelo feito no momento da solicitude deberá xustificarse dentro do prazo de seis meses dende a data da concesión aportando os documentos que se especifican na base 5ª.

Segundo.- Conceder ao Sr. Iván Calvo Fernández, pola alta en autónomos, a subvención solicitada con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2020 que en función da puntuación obtida recoñéceselle un importe de 600€.

Esta subvención, de non habelo feito no momento da solicitude deberá xustificarse dentro do prazo de seis meses dende a data da concesión aportando os documentos que se especifican na base 5ª

Terceiro.- Conceder á Sra. Mª Isabel Seijo García, por alta en autónomos e parado de longa duración, a subvención solicitada con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2020 que en función da puntuación obtida recoñéceselle un importe de 900€.

Esta subvención, de non habelo feito no momento da solicitude, deberá xustificarse dentro do prazo de seis meses dende a data da concesión aportando os documentos que se especifican na base 5ª.

Cuarto.- Conceder ao Sr. Xosé Filloy González, por apertura de local e alta en autónomos, a subvención solicitada con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2020 que en función da puntuación obtida recoñéceselle un importe de 1500€.

Esta subvención, de non habelo feito no momento da solicitude, deberá xustificarse dentro do prazo de seis meses dende a data da concesión aportando os documentos que se especifican na base 5ª.

Quinto.- Conceder ao Sr. Diego Órrea Coego, alta en autónomos, a subvención solicitada con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2020 que en función da puntuación obtida recoñéceselle un importe de 600€.

Esta subvención, de non habelo feito no momento da solicitude, deberá xustificarse dentro do prazo de seis meses dende a data da concesión aportando os documentos que se especifican na base 5ª.

Tal como indican as bases, no artigo 1.4, a finalidade da axuda é subvencionar ata o 50% dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses da actividade. Os gastos subvencionables corresponderán aos realizados dende o 1 de xaneiro de 2020 ata 31 de decembro de 2020.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Concello de Silleda

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE